

REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS NÁUTICO RECREATIVAS DO PORTO DE MUXÍA (MARINA MUXÍA, CATAVENTOS ESCOLA DE VELA)

CAPÍTULO I

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO REGULAMENTO

Art. 1.- DEFINICIÓNS

CONCESIONARIA: CATAVENTOS ESCOLA DE VELA, S. L. N. E; titular da concesión administrativa para a construción e explotación dunhas instalacións náutico recreativas no porto de MUXÍA que no sucesivo denominaremos Porto.

USUARIO: Persoa física ou xurídica que utilice as instalacións ou servizos outorgados en concesión a **CATAVENTOS ESCOLA DE VELA, S. L. N. E.**
As partes mencionadas deberanse ater ó presente Regulamento.

Art. 2.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

2.1.-Obxecto

Este Regulamento ten por obxecto establecer as normas xerais de uso explotación para a utilización e aproveitamento das instalacións náutico deportivas, incluídas no ámbito da concesión administrativa otorgada a **CATAVENTOS ESCOLA DE VELA,S.L.N.E.** por Resolución de 3 de Marzo de 2014 para la ocupación de un espacio de dominio público no Porto Deportivo de Muxía, sen perxuício do cumprimento de cantas normas sexan de aplicación ou das competencias que especificamente exerzan os diversos departamentos da Administración en uso das súas atribucións legais.

O presente Regulamento regulará as relacións entre a Concesionaria e os usuarios do Porto. Dito Regulamento está suxeito á lexislación vixente en cada momento en materia de portos e ó Prego da Concesión outorgada a **CATAVENTOS ESCOLA DE VELA,S.L.N.E.**

2.2.-Ámbito subxectivo

O presente regulamento, polo que se regula a actividade dentro da zona de concesión, é de aplicación e obrigado cumprimento e afecta a :

- a).-As persoas, embarcacións, maquinaria e vehículos que se atopen dentro da zona de concesión, excepto funcionariado da Administración no exercicio das súas competencias.
- b).- As persoas, embarcacións, maquinaria e vehículos que se atopen ou empreguen nas instalacións náutico deportivas outorgadas en concesión a **CATAVENTOS ESCOLA DE VELA,S.L.N.E.**
- c).- As persoas que teñan outorgada unha cesión para uso exclusivo dunha praza de amarre nestas instalacións.
- d).- As persoas(físicas ou xurídicas) que presten os seus servizos por calquera tipo de relación ca concesionaria, ou cas persoas a que se fai referencia nos apartados anteriores.

Art. 3.- VIXENCIA E REVISIÓN.

O presente regulamento terá un período de vixencia igual ó da concesión administrativa outorgada.

La Concesionaria poderá tamén modificar e ampliar as disposicións deste regulamento, pero requirirá para elo la aprobación previa do Ente Público Portos de Galicia. Así mesmo requirirá la aceptación previa daqueles dos citados entes que sexan competentes na materia na que se vaia a proceder a modificar ou ampliar as disposicións do regulamento.

CAPITULO II

DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DO PORTO

Art. 4.- DIRECCIÓN DO PORTO

A Dirección do Porto, a súa explotación, xestión, administración, conservación e capitania do mesmo, será exercida por unha persoa especialmente nomeada pola concesionaria. O cargo recibirá a denominación de Director General do Porto e será nomeado polo consello de administración da concesionaria.

Art. 5.- COMPETENCIAS DA DIRECCIÓN DO PORTO.

a).- Competencias do Director General do Porto.

Entre os servicios da competencia do Director General do Porto están o establecemento e a conservación das obras, edificios e instalacións do Porto que constitúen o obxecto da concesión outorgada a **CATAVENTOS ESCOLA DE VELA,S.L.N.E**, a regulación das operacións sobre o atraque nos pantaláns das instalacións náutico deportivas, zonas de depósito, carenado e aparcadoiro, camiños de servicios e tódolos terreos obxecto da concesión.

É tamén da competencia do expresado facultativo a organización da circulación e o acceso sobre os expresados terreos e canto se refira ó uso das diversas obras destinadas directa ou indirectamente ás operacións das propias embarcacións, mentres se atopen no porto.

Así mesmo, a organización e supervisión de tódolos servicios en terra das instalacións náutico deportivas obxecto da concesión.

En todo o relacionado co movemento xeral de embarcacións, entradas, saídas, amarre, atraque e desatraque e cas actividades que se desenvolvan ou podan desenvolverse nas augas do porto, o Director General do mesmo observará as instrucción das autoridades de "Portos de Galicia" e do persoal que dita Autoridade designe para controlar o cumprimento das mesmas, persoal que terá acceso libre o Porto e as súas instalacións e que en todo momento poderá inspeccionar as instalacións e operacións que neste Porto se desenrolen.

Tamén é competencia do Director General do Porto o control e custodia dos rexistros de actividades e de titulares de dereitos de alugamento así coma ostentar a representación da Concesionaria de conformidade cos poderes que ó respecto se lle concedan.

O Director General do porto poderá delegar noutras persoas todas ou parte das súas funcións, actuando ditas persoas, en tal caso, coma os seus representantes.

a).- Competencias do Capitán do Porto.

Son competencias do Capitán do porto, por delegación do Director General do porto, a ordenación e regularización das operacións do movemento xeral de embarcacións, entradas, saídas, fondeo, amarre, atraque e desatraque, así como das mercadorías e vehículos sobre os peiraos, pantaláns, área técnica e servizos en xeral.

Art. 6.- INSPECCIÓN DE PORTOS DE GALICIA.

A inspección e vixilancia do Porto e as súas instalacións en relación ca ocupación do dominio público, a conservación das obras, a súa explotación e a prestación dos servizos, será exercida pola Xunta de Galicia, a través do ente público Portos de Galicia.

Tódalas persoas que fagan uso dos servizos e instalacións do Porto teñen a obriga de cumprir as ordes que a devandita autoridade dispoña para facer cumprir a normativa que regula o dominio Público Portuario e as obras e actividades que neste dominio público se desenvolven.

CAPITULO III

UTILIZACIÓN, EXPLOTACIÓN E ADMINISTRACIÓN DO PORTO.

Art. 7.- USO DAS INSTALACIÓNS.

A zona de servizo do porto divídese en dúas partes: unha de acceso e circulación peatonal pública, e outra de acceso restrinxido a persoas e vehículos autorizados, sin perjuicio de cumprir, en cualquier caso, con el deber de identificación a que se refire el artículo 28 de este reglamento, cuando este sea exigido.

As amarras a flote divídense tamén en dúas clases: unhas de uso libre a todo barco de recreo, mediante o pago das tarifas correspondentes e outras reservadas para uso exclusivo dos titulares dun dereito de alugamento de praza de amarre.

Os servizos específicos que preste o porto, tanto obrigatorios coma complementarios e discrecionales, son utilizables polos usuarios do porto tendo en conta as tarifas e as condicións correspondentes.

Art. 7B.- Arribada sin autorización.

Se entrase no Porto Deportivo unha embarcación que non fose autorizada previamente ou que non se lle autorice para utilizalo, deberá abandonarlo inmediatamente, coas excepcións que legalmente podan ser procedentes. En todo caso, se considerará que, a efectos do devengo por utilización do porto, serálle de aplicación a tarifa con incremento progresivo do 100 por 100 cada día que dure a estancia, incluído o primeiro, ata que a tarifa a aplicar sexa o quintuplo da normal. Para tal efecto requirirase previamente o infractor advertíndolle da aplicación da recarga para o caso de que non atenda de inmediato as indicacións do concesionario.

Art. 8.- DESTINO DO PORTO.

1.- Poden utilizar as augas do Porto e as súas instalacións as embarcacións deportivas ou de recreo, polo que, en condicións normais, non poderá ser utilizado polos que non cumpran estas

características, sen autorización expresa da Dirección General do Porto. En caso de emerxencia ou forza maior, o porto poderá ser empregado ocasionalmente por embarcacións doutras características ca autorización expresa da Dirección General do Porto.

Esta emerxencia ou forza maior non eximirá á embarcación que empregue o porto da observancia do Regulamento e do abono das Tarifas vixentes que lle sexan de aplicación.

2.- En todo caso, as embarcacións deberán cumprir cas normas regulamentarias, marítimas, aduaneiras, fiscais ou de calquera outro orde que legalmente poidan exisírselles, e levar unha inscrición en sitio ben visible co nome da embarcación ou o número da súa matrícula, que permita identificar ó propietario.

3.- Poderán acceder ó Porto, nas zonas non restrinxidas, cantas persoas desexen acudir a el, cumpran as normas contidas neste regulamento e aquelas outras que regulamentariamente sexan promulgadas, e respecten as instalacións e demais elementos do Porto, de acordo co as instrucións da Dirección do Porto.

Art. 9.- ADMINISTRACIÓN DO PORTO. CONCESIONARIA EXCLUSIVA.

A Concesionaria exclusiva, cos dereitos que lle confire o título de outorgamento da concesión, das instalacións náutico deportivas é **CATAVENTOS ESCOLA DE VELA,S.L.N.E**, polo que a titularidade dun dereito de alugamento de praza de amarre non supón, baixo ningún concepto, cesión da concesión administrativa.

A Concesionaria está facultada para transmitir a concesión, cos prazos e limitacións que poidan estar establecidos pola concesión administrativa, respectando os preceptos do presente regulamento e establecendo os pactos que crea necesarios ou oportunos.

A explotación e conservación das instalacións náuticas serán a cargo da Concesionaria, quen poderá levar a cabo esta xestión de calquera dos xeitos establecidos legalmente. Neste sentido, a Concesionaria, por si ou representada pola Dirección General do porto, ostentará as mais amplas facultades para:

- Velar polo bo réxime de tódalas instalacións portuarias e demais que integren as instalacións náuticas, así como tódolos seus edificios e servicios do mesmo, do exacto cumprimento das condicións e prescricións da concesión administrativa e das directrices que dimanen da autoridade competente aplicando, en cada caso, canto crea conveniente e se dispón neste regulamento, en orde á mellor explotación e funcionamento do porto.
- Establecer as condicións e normas específicas para o uso das instalacións, que se indican no artigo 26.

Art. 10.- FACULTADES DE RESERVA.

A Dirección General do Porto resérvase o dereito de autorizar a entrada ou de prestar servicios, cando as condicións das embarcacións ou das instalacións portuarias non reúnan as condicións de seguridade que, ó seu xuízo, se estimen necesarias.

A Dirección General do Porto reservarase o dereito de admisión, na zona pública do porto ás persoas que, pola súa conducta ou falta de seguridade, podan resultar inadecuadas para a normal explotación. Así mesmo, se poderán establecer limitacións circunstanciais para evitar aglomeracións perigosas para a estabilidade das obras ou o desenvolvemento da súa explotación.

Art. 11.- ALUGAMENTOS.

A Concesionaria está facultada para ceder a explotación, uso e aproveitamento de tódalas instalacións portuarias, zonas de servicios, locais, edificacións, postos de atraque, estación de

servicio, aparcamentos, varadero, marina seca, etc, que crea conveniente, cos prazos e limitacións que poidan estar establecidos pola concesión administrativa, respectando os preceptos do presente regulamento e establecendo as condicións e pactos que crea necesarios e oportunos.

Os contratos o relacións xurídicas que celebre o concesionario con terceiros, tanto os xenerais regulados no presente artigo, coma os de amarre, ou de parcelas e instalacións en terra, que se regulan, nos artigos seguintes, obrigan únicamente as partes que os suscriben e quedarán extinguidos por rescisión civil automáticamente e de pleno dereito no caso de que a concesión se extinga por calquera causa tales como o vencimiento do prazo, a caducidade concesional ou claquera outra procedente en dereito.

A liquidación das obrigas de todo tipo que deriven destes contratos será responsabilidade exclusiva das partes que os suscriban.

Art. 12.- CONDICIÓN DE ALUGAMENTO DE PRAZAS DE ATRAQUE.

a).- Regulación da titularidade.

Tódolos dereitos e obrigas inherentes á titularidade dun dereito de alugamento dunha praza de atraque regularanse polo correspondente contrato de alugamento o cesión suscrito entre a Concesionaria e o Arrendatario, que poderá ser de natureza pública ou privada, rexéndose polo presente Regulamento de Explotación e polas restantes normas que sexan de aplicación ou que se dicten no futuro, pola Concesionaria ou Dirección General do porto.

b).- Rexistro.

Pola Dirección General do Porto levarase un rexistro no que se fará constar o nome, DNI e nacionalidade do titular do dereito de uso e o seu enderezo.

Será condición indispensable para exercer os dereitos que comporta a titularidade dun alugamento dunha praza de atraque, a previa inscrición no mencionado rexistro, sen cuio requisito os respectivos titulares non poderán tomar posesión do dereito de uso.

Non poderá efectuarse a indicada inscrición se previamente non se cumpriu polo arrendatario tódolos requisitos e normas establecidos por este Regulamento e pola Concesionaria para tal efecto.

A remisión normativa ó presente Regulamento ou a outras disposicións vixentes, ou que no futuro se dicten pola Concesionaria ou a Dirección General do porto, enténdese sen perxuício da aplicación das disposicións contidas no título de outorgamento da concesión e demais normativa aplicable, así como las contenidas no contrato de arrendamiento ou cesión.

Art. 13.- CONDICIÓN DE ALUGAMENTO DE PARCELAS OU INSTALACIÓNS EN TERRA.

a).- Regulación da titularidade.

Tódolos dereitos e obrigas inherentes á titularidade dun dereito de uso e explotación por este concepto regularanse polo correspondente contrato de arrendamento o cesión suscrito entre a Concesionaria e o Arrendatario, que poderá ser de natureza pública ou privada, rexéndose polo presente Regulamento de Explotación e polas restantes normas que sexan de aplicación ou que

se dicten no futuro, pola Concesionaria ou Dirección General do porto. En todo caso, requirirase a autorización previa e preceptiva de Portos de Galicia.

b).- Rexistro.

Pola Dirección General do Porto levarase un rexistro no que se fará constar o nome, DNI e nacionalidade do titular do dereito de uso e explotación e o seu enderezo.

Será condición indispensable para exercer os dereitos que comporta a titularidade deste dereito, a previa inscrición no mencionado rexistro, sen cuio requisito os respectivos titulares non poderán tomar posesión do dereito de uso.

Non poderá efectuarse a indicada inscricións si previamente non se cumpriu polo titular do dereito de uso tódolos requisitos e normas establecidos por este Regulamento e pola Concesionaria para tal efecto.

A remisión normativa ó presente Regulamento ou a outras disposicións vixentes, ou que no futuro se dicten pola Concesionaria ou a Dirección General do porto, enténdese sen perxuício da aplicación das disposicións contidas no título de outorgamento da concesión e demais normativa aplicable, así como las contidas no contrato de arrendamento ou cesión.

Art.14.- PETICIÓN DE SERVICIOS.

Para poder utilizar calquera dos servicios que preste o Porto, os interesados deberán formular a oportuna petición á Dirección General do Porto cumprindo as formalidades que esta estableza, en función das características do servicio e das necesidades de estatística e control da explotación do Porto.

Art. 15.- EMBARCACIÓN PROCEDENTE DE PORTO ESTRANXEIRO

Calquera embarcación procedente de Porto estranxeiro deberá atenerse ás presentes normas, e ó disposto na normativa sobre seguridade marina, aduana, policía e inmigración.

Art. 16.- PROHIBICIÓN DE PERMANENCIA.

A Dirección General do Porto poderá establecer restriccións ou prohibicións de permanencia en determinados lugares da zona de servicio a persoas ou vehículos, motivados pola conveniencia da explotación ou da seguridade dos usuarios e as súas embarcacións.

CAPITULO IV

RESPONSABILIDADES - DANOS – AVARIAS – RECLAMACIONES

Art. 17.- COÑECEMENTO DESTA REGULAMENTO.

Tódolos usuarios do Porto estarán obrigados a coñecer e cumprir este regulamento, que lles será facilitado pola Dirección General do Porto.

Art. 18.- PROHIBICIÓN DE SUPERACIÓN DE MEDIDAS DE LÁMINA DE AUGA NAS PRAZAS DE ATRAQUE.

As características das embarcacións non poderán en ningún caso superar as medidas da lámina de auga que corresponde a cada praza de atraque.

En caso de producirse algunha irregularidade, a Dirección General do Porto cambiará a embarcación ó lugar que xulgue oportuno, sendo os gastos que elo ocasione por conta do propietario da embarcación.

Art. 19.- RESPONSABILIDADE DOS USUARIOS E VISITANTES E DAS PERSOAS ALLEAS Á CONCESIONARIA.

Os visitantes e usuarios serán admitidos ó Porto baixo a súa propia responsabilidade.

As persoas que teñan autorizada a entrada no Porto para o exercicio dalgunha función, misión ou traballo, deberán estar cubertas por un seguro de accidentes de traballo e de responsabilidade civil xeral e de incendios, que cubran a reparación dos danos e perxucios debidos ás paralizacións do servizo ou avarías, roturas fortuítas ou malas manobras dos elementos dispostos para a prestación de aquel, debendo demostrar a quen corresponda e ante a Dirección General do Porto la vixencia do seguro.

Os titulares de alugamentos de prazas de amarre e usuarios en tránsito, así coma os titulares de dereitos de uso sobre parcelas ou instalacións en terra, serán responsables dos danos, desperfectos ou avarías que ocasionen, tanto nos elementos da concesión, instalacións, maquinaria, etc. como nos seus propios ou de terceiros, a consecuencia de malas manobras, actos negligentes ou defectos das súas embarcacións ou vehículos; o que, de se-lo caso, sería obxecto de reclamación por medio dos trámites legais e xurídicos previstos. O anterior, se entende sen prexuízo de que ditas actuacións sexan obxecto de sanción administrativa por parte dos órganos competentes.

O anterior enténdese sen prexuízo de que concurra algunha circunstancia de negligencia ou falta de coidado e prevención que impute a responsabilidade ó xestor indirecto.

Art. 20.- NON RESPONSABILIDADE DA CONCESIONARIA.

A Concesionaria, a Dirección General do Porto e o seu persoal, non serán responsables dos danos e perxucios debidos a paralizacións de servizo, nin dos producidos por avarías, roubos, roturas fortuítas ou manobras que poidan ocasionarse durante a prestación de calquera dos servizos, sempre que estes non sexan por causas imputables ó concesionario no desenvolvemento das obrigas que como tal lle corresponden.

Art. 21.- DANOS FORTUÍTOS.

Calquera dano ou perxucio que se produza por caso fortuíto a persoas ou cousas dentro das dársenas ou o recinto portuario, con motivo das operacións que nos mesmos se realizan ou dos incidentes que destas se deriven, serán soportados por quen os sofre, a menos que exista unha responsabilidade definida por acción ou omisión do concesionario ou dun terceiro.

Art. 22.- DANOS ÁS INSTALACIÓNS E EMBARCACIÓNS.

Calquera dano que se cause ás obras, instalacións ou embarcacións do Porto será a cargo das persoas que os causaran, con independencia das actuacións que procedan, excepto nos casos de forza maior declarados como tales pola autoridade competente.

En tales casos, o Director General do Porto fará a taxación do importe aproximado do custo da reparación do dano causado e a pasará ó interesado. O importe de dita taxación deberá ser depositado na caixa da Dirección General do Porto, ó día seguinte da notificación.

Terminada a reparación do dano, a Dirección General do Porto formulará conta detallada do gasto efectuado, que remitirá ó interesado para a súa liquidación definitiva.

O Director General do Porto poderá exercer as accións que procedan ante as autoridades competentes para que se fagan efectivas as responsabilidades conseguintes.

O anterior enténdese sen prexuízo de que concurra algunha circunstancia de negligencia ou falta de coidado e prevención que impute a responsabilidade ó xestor indirecto.

Art. 23.- RISCO DOS PROPIETARIOS.

A permanencia das embarcacións, vehículos e toda clase de obxectos dentro das dársenas, zonas de servizo dentro do Porto e da concesión, será de conta e risco dos seus propietarios, polo que nin a Dirección General do Porto, nin os seus empregados, nin a Concesionaria, responderán dos danos ou perdas que poidan sufrir, excepto que os danos ou desperfectos producidos nos elementos antes sinalados teñan a súa causa directa, tanto na acción coma na omisión ou falta de dilixencia, por parte do concesionario.

En ningún caso se respondería de ditos danos ou perdas si estas tivesen o seu orixe en circunstancias fortuítas ou causas de forza maior.

Art. 24.- DANOS OCASIONADOS POLAS EMBARCACIÓNS.

Tódolos danos que directa ou indirectamente se ocasionasen polas embarcacións ou obxectos dos usuarios nos diques, peiraos ou pantaláns, bolardos, argolas, boias, defensas, embarcacións e demais elementos das instalacións portuarias que formen parte da concesión ou sexa propiedade da Concesionaria, serán reparados seguindo as instrucións da Dirección General do Porto, con cargo ó usuario.

O causante deberá proceder a limpar, pola súa conta as partes das dársenas que puidera manchar polo vertido de lixo, derrame de carburante ou outra operación, ó obxecto de que a auga quede no mesmo estado de limpeza que tiña cando chegou a embarcación. No caso de derrame de carburantes ou produtos hidrocarburoados, o causante do derrame deberá comunicalo inmediatamente á Dirección General do Porto ó obxecto de que tomen as medidas oportunas para a súa limpeza, sendo por conta do causante os gastos que se ocasionen.

Tódolos restantes danos e os conseguintes gastos que se ocasionen con motivo de contravir o establecido nos diversos artigos deste regulamento, serán de conta dos causantes.

Art. 25.- RECLAMACIÓNS.

As reclamacións ou queixas concernentes, en xeral, á explotación e bo funcionamento das instalacións serán remitidas preferentemente e de xeito previo á Dirección General do Portos, se prexuízo da posibilidade para os usuarios de elevar esas queixas a Portos de Galicia cando poidan ter certa entidade ou, obviamente, cando as mesmas estean suxeitas a revisión en vía administrativa.

As reclamacións ou queixas concernentes a todas aquelas materias de competencias da Capitanía Marítima poderán elevarse ó Capitán Marítimo do Porto.

CAPÍTULO V

NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN ÓS USUARIOS DO PORTO

Art. 26.- OBRIGAS XERAIS

Será obriga, en xeral, dos usuarios do Porto:

- a).- Respetar as instalacións xerais ou de proveito doutro titular.
 - b).- Observar a dilixencia debida no uso do punto e atraque e demais instalacións, manténdooas en bo estado de conservación, en perfecto uso e no mesmo estado en que se recibiron, sen que poidan realizarse melloras ou menoscabos, sendo á súa costa as obras ou reparacións cuia omisión dane las instalacións ou servicios do Porto e, en caso contrario, resarcir os danos que se ocasionen polo seu incumprimento, xa sexa propio ou polas persoas por quen deben responder.
 - c).- Responder dos danos e avarías que ocasionen nas instalacións, de conformidade co disposto no Capítulo IV deste Regulamento..
 - d).- Aboar as tarifas que se establezan pola Dirección General do Porto, como consecuencia do disposto neste regulamento.
 - e) Consentir a inspección, en calquera momento, do estado de conservación das prazas de atraque, que efectúen ben Portos de Galicia, ben a Adxudicataria.
 - f) Permitir a inspección e entrada nos postos de atraque ou locais para fiscalizar as instalacións e servicios xerais, de acordo coas directrices sinaladas pola Dirección General do porto e das que poidan sinalar as Autoridades Portuarias e demais organismos competentes.
- As embarcacións e tripulantes, como usuarios do Porto, terán as seguintes obrigas, sen perxuício das que correspondan a cada concesionario dunha praza de amarre e que figuren nos respectivos títulos dos outorgamentos:
- a).- Prestar colaboración ó persoal dedicado á explotación do Porto. Para facilitar as manobras ou evitar accidentes ou avarías, o patrón ou a tripulación dunha embarcación non poderá negarse a tomar e amarrar coderas ou travesseiras doutros barcos.
 - b).- Manter a embarcación en bo estado de conservación, presentación, flotabilidade e seguridade.
 - c).- Vixiar os pertegueiros e accesorios, así como as ferramentas e materiais que sexan da súa propiedade.
 - d).- Amarrar ós dispositivos previstos para elo e na forma adecuada para evitar danos ás instalacións ou a outras embarcacións, intercalando as defensas necesarias.
 - e).- Permitir a inspección e entrada no posto de amarre para fiscalizar as instalacións e servicios xerais.
 - f).- Cumprir as ordes e directrices que se dicten polo Director General do Porto.
 - g).- Cumprir, no seu caso, co as obrigas específicas do seu contrato.

Art. 27.- TRANSITO PEONIL E DE VEHÍCULOS.

A Dirección General do Porto determinará os lugares nos que os usuarios e visitantes poderán circular a pe ou con vehículos, aparcar estes e depositar as distintas clases de obxectos cuia manipulación se autorice, así como a forma na que se poderá levar a cabo.

Art. 28.- IDENTIFICACIÓN.

Tanto as persoas coma os vehículos e mercancías que vaian a entrar ou saír da zona de servico da concesión, deberán deterse na zona de control de acceso á mesma para que o persoal do Porto ou as persoas designadas pola Dirección General comprobén as autorizacións que posúan, a súa identidade e motivo da súa entrada e saída.

Art. 29.- RETIRADA DE VEHÍCULOS.

Nos casos nos que os usuarios dos vehículos ou materiais non cumpran o tempo, o lugar ou a forma polos que se autorice a circulación ou depósito polos viais de servico ó Porto, ou a utilización dos terreos ou instalacións, deberán retiralo da zoa de servico da concesión

inmediatamente, sen que elo o exima do abono e os devengos que puidera ser de aplicación polos servicios prestados. En caso de que ditos titulares non retirasen os vehículos ou mercancías ou se encontrasen ausentes, o Director General do Porto poderá ordenar a retirada ou cambio de ubicación a costa do usuario.

Art. 30.- PROHIBICIÓNS SOBRE O USO DOS SERVICIOS.

Queda terminantemente prohibido empregar as instalacións náutico deportivas obxecto da concesión para outro cometido que o que se establece nas autorizacións concedidas, non permitíndose efectuar neles reparacións, verter nos mesmos lixos, excepto nos lugares destinados para tal fin, nin obxectos de ningunha clase, nin efectuar neles movementos e outras manifestacións que non sexan as que exprese e individualmente se autorice pola Dirección General do Porto.

Os animais que poidan levar os usuarios deberán ir suxeitos de xeito que non poidan causar danos nin molestias ás persoas ou cousas que se atopen na zona de servicio do Porto, procurando, ademais, que non produzan suciedade algunha e estando obrigados a limpar de xeito inmediato calquera suciedade que produzan.

CAPITULO VI

NORMAS DE UTILIZACIÓN DE SERVICIOS E INSTALACIÓNS POLOS TITULARES E USUARIOS DE AMARRES OU POSTOS DE ATRAQUE.

Art. 31.- AMARRES E SERVICIOS.

Os amarres a flote divídense en dúas clases: uns de uso público tarifado para barcos de recreo, utilizables mediante o pago das tarifas correspondentes que se indican no anexo I deste Regulamento e outros reservados ós titulares de contratos de alugamento das prazas de atraque.

Os servicios específicos que preste o porto, tanto obrigatorios coma complementarios, son utilizables polos usuarios do porto de acordo cas condicións previstas neste Regulamento e tendo en conta as tarifas aprobadas para cada caso.

El impago de las tarifas correspondientes a los servicios prestados, facultará a Gerencia do Porto Deportivo para negar la prestación de novos servicios ata que se salde la deveda pendiente. Para tal efecto requirirase previamente de pagamento ó debedor, na que se lle advertirá de que de non facer efectivo o pagamento nun prazo de cinco días, non se lle continuarán prestando servizos.

A concesionaria, en caso de impago por algún concepto, podrá inmovilizar, ou poñer en seco a embarcación, como garantía de pago. Devengando ademais da deveda pendiente, a correspondente por gastos de guindastres e ocupación de espacio na marina seca. O exercicio desta facultade realizarase conforme ás normas habilitantes do dereito civil e requirirá advertencia previa expresa ao usuario debedor.

La Dirección General queda facultada para retirar do Porto e proceder a sua disposición, venda ou desguace, facendo seus os ingresos que en tal caso se produzan, a todas aquelas embarcacións, materiais, vehículos e enseres que fosen abandonados no Porto Deportivo. Considerarásese que foron abandonados e que os seus titulares renuncian a sua propiedade, cando permanecesen no porto sen abonar, na forma reglamentaria, as tarifas que devengan, por un periodo superior a seis meses. A aplicación de tal facultade, esixirá requerimento previo, expreso e fehaciente ao titular da embarcación por un prazo de 15 días hábiles; de non constar o

propietario a concesionaria deberá indagar diligentemente como empresario a propiedade da embarcación e en última instancia publicar un anuncio indicativo no porto de Muxia e no D.O.G.

Os barcos só poderán amarrar ós dispositivos previstos para elo e no xeito adecuado para evitar danos ás instalacións ou a outras embarcacións, intercalando as defensas necesarias.

Art. 32.- ESCALA DE BARCOS EN TRÁNSITO.

Consideranse usuarios en tránsito aqueles que empregan o Porto para o atraque da súa embarcación de forma restrinxida e temporal. Estes usuarios poderán utilizar os atraques de uso público que a Concesionaria está obrigada a reservar en cumprimento das condicións da concesión.

Todos estes usuarios en tránsito poderán facer uso das diversas instalacións da zona de servizo para o atraque, desembarque, estancia ou depósito provisional e embarque de pasaxeiros, carburantes, víveres, aparellos ou outros elementos que poidan precisar si o seu emprego individual está permitido neste Regulamento, previo abono das tarifas oficialmente aprobadas y siempre que exista disponibilidad.

As condicións xerais de utilización destes atraques son as seguintes:

1. Amarrará provisionalmente nun lugar que existe sinalado coa indicación de BARCOS EN TRÁNSITO ou no seu defecto onde se lles indique dende terra polo persoal da Concesionaria.
2. O patrón presentarse na Dirección do Porto inmediatamente se está aberta ou, tan pronto como se abra, si no intre da chegada esta estivese pechada.

Nesta oficina identificarase e inscribirá as características do seu barco e a duración da escala que se propón realizar e deixará fotocopia da documentación oficial da embarcación e documentación do armador, patrón ou persoa responsable. Así mesmo, se inscribirá no libro de rexistro do porto asinando a entrada no mesmo.

A Dirección General do Porto ou o seu delegado informaranlle das Normas, do presente Regulamento, das tarifas do Porto e da duración da estancia que pode aceptar vistas as condición de ocupación dos puntos de amarra, e do establecido por Portos de Galicia.

3. Neste intre ou tan pronto como sexa requirido para elo, o barco e a súa tripulación serán sometidos ós controis e operacións regulamentarias referente a Aduanas, Policía e Regulamentacións marítimas.

4. Indicaráselle ó barco a amarra que ocupará durante a súa escala e se lle informará sobre o uso das distintas instalacións do porto.

Vintecatros horas antes da saída ou coa antelación posible en todo caso, o patrón debe notificar á Dirección General do Porto a súa hora de partida e, liquidar-lo importe dos servizos recibidos, de acordo co que se sinala máis adiante neste mesmo artigo.

No caso de que rematada a estadía anunciada, o barco desexa prolongala, a Dirección General ten dereito de non aceptar esta prórroga, sempre que se dean condicións normais, si elo redundaría en perturbación para a planificación xeral da explotación.

O patrón do barco en escala, pode cubrir o risco de responsabilidade por avarías nas instalacións, mediante o concerto dun seguro en condicións do que será informado a súa chegada.

O barco non pode abandonar o porto sen satisfacer o importe de tódolos servizos recibidos durante a súa estadía.

Art. 33.- TRASLADOS E OPERACIÓNS NOS BARCOS.

No caso de que un barco deba ser trasladado de lugar por necesidades do Porto, reforzadas as súas amarras ou sometida, en xeral, a calquera manobra por consideración de interese xeral, a súa tripulación deberá cumprir cas instrucións que perciba da Dirección do Porto ou da persoa designada por esta. Si non houberse tripulación a bordo, a Dirección localizará ó seu responsable para que realice a operación necesaria, pero si non fose atopado en tempo hábil para a boa explotación do Porto, ou da seguridade das instalacións ou doutros barcos, a Dirección General realizará por si mesma as operacións necesarias, sen dereito a reclamacións de ningunha clase por parte do armador, patrón ou representante do barco e cos gastos ó seu cargo.

O simple feito de entrar una embarcación no Porto Deportivo significa que o seu propietario e usuario aceptan y autorizan a que sea trasladada a cualquier lugar do Porto Deportivo, de forma temporal ou definitiva, incluso a sua posta en seco se estivera nas augas do Porto Deportivo e viceversa, e en xeral sometida a cualquier maniobra, cando, por conveniencia do servicio ou causa xustificada, a Dirección do Porto Deportivo o estime necesario. Este traslado ou maniobra efectuarase por o mesmo propietario, usuario o a sua tripulación, cumprindo las directrices que reciban da Dirección ou Capitanía, si ben en caso de ausencia ou de non facelo de la forma e prazo que se lle indique, realizarase cos medios de que dispoña a Dirección e seguindo as suas instruccions, devengando os gastos correspondentes que serán atendidos po-lo propietario a sua presentación polo concesionario.

Igualmente, se por orden ou disposición do órgano competente da Administración, se procedese a alguna modificación no sistema de pantalans, muelles ou a distribución da sua frota e esto fixese preciso trasladar ou cambiar os postos de amarre, os cesionarios afectados por este cambio de emprazamento do amarre, terán dereito a elixir un amarre novo no lugar onde se atopen os de igual clase, establecéndose a orden de elección por fecha de antigüedad na titularidade dos dereitos de uso preferente, e no caso de ser igual, por sorteo.

Art. 34.- ADUANA.

As embarcacións amarradas no Porto haberán de cumprir as esixencias que, polas autoridades aduaneiras e marítimas, puideran ser fixadas en relación cas operacións de desembarque ou embarque de pasaxeiros e/ou materiais.

Art. 35.- SERVICIOS A EMPREGAR.

Ó concederse a autorización para o atraque ou entrada no Porto a embarcacións en tránsito, a Dirección Xeral indicará ó usuario os servicios, tarifas e condicións correspondentes que son susceptibles de utilización, previa solicitude que debe ser autorizada.

Art. 36.- DISPOÑIBILIDADE DOS SERVICIOS.

Os subministros de auga, enerxía eléctrica e outros semellantes, así como as diferentes prestacións que poidan realizarse con elementos da sociedade concesionaria, quedarán sempre supeditadas ás dispoñibilidades dos mesmos. En canto ó orden de preferencia para a súa realización será o de solicitude, salvo causas que o Director General do Porto considere xustificadas, que deberán quedar debidamente rexistradas nos libros de rexistro diario de actividades.

Art. 37.- AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS.

Ó estender unha autorización para a prestación dalgún ou algúns servicios, indicárase pola Dirección General as normas que haberán de seguirse para a mesma, sendo precisa unha autorización distinta pola prestación doutros servicios que non figuren incluídos entre os que a primeira poida abarcar.

Art. 38.- PROHIBICIÓNS.

Queda absolutamente prohibido en toda a zona de servizo do Porto:

- a).- Fumar durante as operacións de avituallamento de combustible, en lugares próximos a onde estas se realicen.
- b).- Ter a bordo dos barcos materiais explosivos, salvo os foguetes de sinais regulamentarias.
- c).- Acender lumes ou fogueiras, ou empregar lámpadas de llama espida.
- d).- Arrojar terras, escombros, lixos, líquidos residuais, papeis e cáscaras ou materiais de calquera clase, contaminantes ou non, tanto a terra como ó auga. Os lixos deberán depositarse nos recipientes previstos para elo, mediante bolsas de plástico pechadas.
- e).- Efectuar actividades que resulten o poidan resultar molestas ou perigosas a outros usuarios.
- f).- Manter os motores en marcha co barco amarrado en horas non adecuadas.
- g).- Deixar soltas as drizas de xeito que poidan golpear os paos.
- h).- Pescar e recoller conchas ou mariscos en ou dende as obras e augas do Porto, salvo nas zonas sinaladas para elo.
- i).- Practicar esquí náutico ou wind-surfing, bañarse ou nadar nas dársenas, canles ou accesos ó Porto, realizar algunha actividade deportiva nas mesmas ou empregar os pantaláns como solárium.
- j).- Realizar obras ou modificacións nas instalacións portuarias, sen autorización escrita da Concesionaria.
- k).- Utilizar áncoras ou boias nas dársenas, canles ou accesos ó Porto. Excepto en caso de emerxencia.
- l).- Practicar con ou utilizar motos de auga con fins deportivos dentro das dársenas do Porto ou a súa bocana.

A infracción de calquera destas normas dará lugar, por parte da Dirección General á denuncia ante as Autoridades competentes.

Sen perxucio das facultades de policía que lle correspondan a Portos de Galicia, a autoridade marítima e, en último caso ós corpos ou forzas de seguridade do Estado, no caso de que estas actuacións supoñan un grave risco ou posibilidade de dano para as persoas ou cosas ou en casos de grave urxencia, a concesionaria poderá proceder á esixencia da inmediata saída do causante e da súa embarcación e poderá suspender de maneira automática a prestación do servizo.

Art. 39.- CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DOS BARCOS.

Todo barco amarrado no Porto debe ser mantido en bo estado de conservación, flotabilidade e seguridade.

Si a Dirección General do Porto observa que non se cumpren estas condicións nun barco, avisará a Portos de Galicia ou á Autoridade Marítima competente.

Si o barco chega a estar en perigo de afundimento ou de causar danos a outras embarcacións, a Dirección tomará, a cargo e conta do propietario, as medidas necesarias para poñelo a seco en condicións de evitar o seu afundimento, debéndose comunicar á Autoridade competente cando se considere que puidera ser un perigo para a navegación.

En caso de afundimento, o custo de reflotalo, varalo ou limpar as obstrucións, serán a cargo do propietario.

Art. 40.- PRESENCIA DAS TRIPULACIÓNS.

Todo barco amarrado ou fondeado no Porto debe ter un responsable facilmente localizable. Por elo, si a súa tripulación deixa a embarcación, o patrón ou propietario deberá facilitar á Dirección do Porto o nome da persoa responsable do barco e a forma de localizalo.

Art. 41.- OPERACIÓNS DE MOTORES.

As operacións de ensaios de motores, uso de reflectores, carga de baterías e outras de calquera clase, tanto en mar como en terra, que por resultar ruidosas ou simplemente molestas, poidan incomodar a outros usuarios, non se poderán realizar sen a previa autorización da Dirección General do Porto e nas horas que a tal fin se estipule, debéndose ademais de comunicar á Autoridade competente si o tipo de probas así o requirise.

Art. 42.- LOCALIZACIÓN DE ACTIVIDADES.

A reparación tanto a flote como en seco, o carenado, o aprovisionamento de combustible e demais operacións que non sexan as normais da navegación, faranse nos lugares do Porto especificamente previstos para elo ou que a Dirección General habilite, tomando as medidas e precaucións que a tal fin se establezan.

Art. 43.- VELOCIDADE DE NAVEGACIÓN.

A velocidade máxima das embarcacións preto da bocana e dentro das dársenas, incluso ó entrar e saír das mesmas, será de 3 NUDOS.

A navegación interior estará restrinxida ás saídas e entradas do Porto e á utilización dos servicios, debendo efectuarse ca máxima dilixencia e respectando as regulacións internacionais de abordaxes e códigos de sinais.

Queda terminantemente prohibido o fondeo nos canles de acceso e dársenas interiores, salvo no caso de perigo inmediato e grave.

Art. 44.- AUXILIO NAS MANOBRAS.

O patrón ou tripulación dun barco non poden negarse a tomar e amarrar cobadeiras ou travesas doutros barcos para facilitar as súas manobras ou evitar accidentes ou avarías.

Art. 45.- MEDIOS DE VARADA.

Os barcos unicamente se poden botar e varar cos medios auxiliares do Porto. Si un armador ou patrón desexa empregar outros, deberá obter autorización expresa da Dirección General do Porto.

Art. 46.- DERRAME DE CARBURANTE.

No caso de que se produza un derrame accidental de carburante na zona de servizo do Porto, o causante deberá comunicalo inmediatamente á Dirección General do Porto, tomándose las medidas oportunas para reducir os danos ás praias, ás instalacións e ós restantes usuarios do Porto, sendo de cargo do causante do dano, os gastos que se orixinen e demais consecuencias da súa responsabilidade.

Art. 47.- CASOS DE EMERXENCIA.

En caso de producirse un incendio, temporal ou outra emerxencia de tipo catastrófico ou susceptible de chegar a tal, no Porto, ou na zona urbana ou marítima próximas, tódolos patróns, tripulacións ou propietarios de vehículos deberán tomar as medidas inmediatas de precaución necesarias, obedecendo as instrucións que reciban do Director Xeral do Porto.

Si se inicia un lume a bordo dun barco, o seu patrón ou tripulación, ademais de tomar as medidas inmediatas a bordo que sexan necesarias, avisará inmediatamente por tódolos medios ó seu alcance á Dirección do Porto e ás tripulacións dos barcos contiguos, non ocultando, en modo algún, a emerxencia que se produciu.

En tódolos casos de emerxencia, afundimento, accidente catastrófico ou ameaza do mesmo que poida afectar ás embarcacións ou augas do Porto, a Dirección Xeral establecerá comunicación urxente cas Autoridades competentes, a fin de que estas adopten as medidas pertinentes, con comunicación posterior á Concesionaria. En caso de suma urxencia, a Dirección adoptará as actuacións necesarias para evitar maiores riscos, e dará conta das medidas adoptadas tan pronto como lle sexa posible.

Art. 48- VIGILANCIA E ENLACE POR RADIO.

O Porto ten servizo de vigilancia por turnos y escoita, co acordo ó horario . A estación radiotelefónica responderá na frecuencia CANAL 9. Recoméndase ós barcos en demanda do porto que establezan contacto ca mesma antes da súa chegada, para preparar as operacións de recepción.

Art. 49- REXISTRO DIARIO.

Pola Dirección General do Porto levarase un rexistro diario de actividades con expresión dos barcos atracados cada día na zona de uso público.

CAPÍTULO VII

NORMAS ESPECÍFICAS A APLICAR A SUPERFICIES E INSTALACIÓNS EN TERRA.

Art. 50.

A utilización de calquera superficie ou instalación en terra dentro da zona concesional do porto estará suxeita ás normas específicas de utilización que a continuación se expoñen sen perxucio da aplicación de tódalas normas que se expresan no anterior Capítulo V.

Art. 51. NORMAS PARTICULARES DE UTILIZACIÓN

No caso de titulares de dereitos de uso e explotación das oficinas, locais comerciais, almacéns pañois, terrazas, casetas, estación de servizo, aparcamentos, varadero, marina seca, etc, en que se dividen as zonas de servizo, para realizar actividades nas instalacións do porto, se someteran expresamente a este reglamento, así como as normas incluídas nos contratos de arrendamento ou cesión que teñen que ser aprobados expresamente por Portos de Galicia.

Art. 52. PROHIBICIÓNS.

Queda prohibido ós titulares de dereitos de uso e explotación de superficies e instalacións en terra e, en xeral, a ocupantes de edificios e locais, talleres, etc, e visitantes do porto, o exercicio de actividades inmorais, molestas, insalubres, ruidosas, e outras que por calquera concepto poidan causar dano á instalación portuaria, ou que infrinxan a normativa municipal, e non poderán, salvo autorización expresa da Concesionaria:

a).- Realizar calquera tipo de obra no interior dos edificios, salvo obras de adecuación e conservación que non afecten a elementos estruturais resistentes, á configuración nin a instalacións de servizo común.

b).- Introducir elementos que modifiquen a composición dos edificios.

De igual xeito non poderán desplegarse toldos ou cortinas exteriores, en canto a súa forma, tipo e color, que non sexan autorizados pola Dirección General, nin pintar de xeito individualizado as zonas que ofrezan fachada ó exterior, alterando a harmonía do conxunto.

c).- A limpeza e pintura xeral das fachadas, cando proceda, efectuarase por empresas especializadas, cando así o decida a Dirección General do porto.

d).- Proceder ó tendido de roupas ou telas de calquera clase que sexan visibles dende calquera punto de observación dende o exterior.

e).- Instalar calquera elemento que impida, suprima ou limite a vista dos demais.

f).- Situar rótulos ou anuncios de calquera clase nos lugares que non sexan os especialmente designados ó efecto.

g).- Instalar ou colocar ningún tipo de maquinaria sobre as portas, teitos nin ventilacións.

h).- Ocupar aínda que sexa temporalmente, o terreo que rodea ó edificio, aceiras, porches, soportais, terrazas, xardíns, viais, etc.

i).- Proceder ó vertido ou depósito de lixos, nin obxectos de ningunha clase, fora dos lugares asignados para elo.

j).- Modificar, variar, ampliar os usos e destinos do local, edificio, etc. asignado no correspondente contrato de cesión. En xeral, tódolos usos comerciais deberán contar previamente ca aprobación da Dirección General do porto e os oportunos permisos e licencias.

Art. 53.- HORARIO DE ACTIVIDADES.

Dado o carácter do Porto, as actividades clasificadas coma molestas, polos ruidos, música, etc. que poidan producir, deberán respectar estrictamente os horarios e directrices de funcionamento e instalación que, en cada momento e segundo as circunstancias, se establezan polo Director General do Porto.

Art. 54.- CIRCULACIÓN RODADA. ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS.

A velocidade máxima permitida dentro do Porto é de 10 Km/h.

Está prohibido circular ou estacionarse co vehículo fora das zonas sinaladas para elo.

O estacionamento prolongado de vehículos so poderase realizar nos aparcadoiros sinalados.

Pódese, sen embargo, deter o vehículo, sempre que non obstaculice a circulación xeral, nas proximidades dun barco carenado ou dun pantalán, durante o tempo necesario para efectuar operacións de avituallamento.

Non se permite reparar vehículos, limpiar, ou realizar tarefas de mantemento do mesmo, nas zonas de circulación ou estacionamento, salvo en caso de avaría e durante o tempo estrictamente necesario.

Art. 55.- USO DE TERRAZAS E APARCADOIROS.

A Concesionaria terá a facultade para atribuír e autorizar ós titulares de dereitos de uso que desexe, a explotación comercial ou industrial das porcións de terrazas e porches e, a tal efecto, o dono da entidade ou persoa a quen se lle atribúa a explotación será o único que poderá prestar aqueles servicios que se lle autoricen, como de cafetería, bar, restaurante, etc. e colocar mesas, cadeiras, etc. na mesma, sempre que se conte ca autorización previa e preceptiva de Portos de Galicia.

Igualmente, a Concesionaria reservarase a facultade de atribuír ou explotar o uso comercial das aceiras e aparcadoiros, nas condicións reseñadas no parágrafo anterior.

Art. 56.- OCUPACIÓN DE SUPERFICIE.

A permanencia sobre a área seca da zona de servizo do porto de embarcacións, automóviles e vehículos que sirvan para o arrastre por carreteira, nas áreas destinadas ó efecto, constituirá uso común de carácter especial, que quedará suxeito ó pago de tarifas e que poderá ser limitado na medida que o requira a eficacia da prestación dos servicios.

Si as tarifas se estableceran en función da superficie ocupada polos vehículos, embarcacións, aparellos ou outros materiais que se depositen sobre os terreos da concesión, o xeito de medir será polo rectángulo circunscrito exteriormente ó grupo total depositado.

Art.57.- VARADERO Y MARINA SECA.

Con ocasión de la utilización, uso o explotación do varadero e a marina seca deberán respetarse as mesmas normas xerais de aplicación a todo o ámbito concesional, así como as normas de uso, explotación e acceso de operarios específicas que se indican no presente reglamento.

CAPÍTULO VIII DISPOSICIÓN XERAIS.

Art. 58.- REPRESENTACIÓN DA CONCESIONARIA

A representación xurídica da Concesionaria e a personalidade para actuar en xuízo ou fora del, enténdense conferidas na persoa do Director de acordo cas autorizacións ou poderes conferidos pola Concesionaria, e sen prexuízo das delegacións que o primeiro puidera outorgar con carácter xeral ou para casos ou ocasións determinadas, a cuio efecto terá facultades para substituír.

Polo mero feito de utilizar, de calquera xeito, as instalacións ou servicios do porto, entenderase recoñecida polos usuarios e terceiros en xeral, dita personalidade, así coma o seu sometemento incondicional ás disposicións do presente regulamento.

Art. 59.- PUBLICIDADE

No se poderán establecer elementos publicitarios, nin anuncios de calquera clase, nin por motivo algún sen a aprobación da Dirección do Porto e control por parte de Portos de Galicia.

A instalación de carteis informativos e os rótulos indicadores de establecementos ou empresas autorizadas deberán ser permitidos previamente pola Dirección General do Porto, sen perxuízo das facultades de inspección e control de Portos de Galicia.

Art. 60.- RESOLUCIÓN. PERDA DE DEREITOS DOS TITULARES DE ALUGAMENTO DE PRAZAS DE ATRAQUE

Además das causas especificamente contidas nos respectivos contratos, haberá causa suficiente para que os titulares de alugamento de prazas de atraque do porto perdan os dereitos que ostenten sobre o mesmo, nos seguintes casos:

- a).- Ó termo do prazo da concesión outorgada á Concesionaria, e ó termo do prazo de cesión polo usuario si o prazo fixado de cesión, no correspondente título, fose inferior.
- b) Por impago das taxas e presos a aboar a Administración Portuaria.
- c).- Pola falta de pagamento das cuotas ou tarifas de gastos que lle correspondan, establecidos, para os usuarios do porto e a súa zona de servizo, nos regulamentos de explotación e policía do porto ou pola Dirección General do porto.
- d).- Por grave incumprimento do disposto nos regulamentos de explotación do porto ou pola Dirección General do porto.
- e).- Por dedicar o dereito de uso a outros fins distintos ós estipulados de xeito expreso no contrato de cesión.

A perda de dereitos dos titulares de alugamento de prazas de atraque será recurrible ante Portos de Galicia.

CAPÍTULO XIX ORGANIZACIÓN DA CONCESIONARIA. FUNCIONAMENTO.

Art. 61.- PETICIÓN

Calquera usuario do Porto poderá facer peticións ou suxestións sobre o funcionamento do servizo ó Consello de Administración da Concesionaria, a través da Dirección General.

Art. 62.- OBRIGAS DA CONCESIONARIA

Corresponde á Concesionaria sufragar os gastos de conservación, sustento, reparación e emprego das instalacións, partes ou elementos de obras e servizos comúns, e que serán usadas con carácter xeral.

Ós efectos do parágrafo anterior, fixarase a cada un dos distintos postos de atraque a cuota de mantemento, que incluírá unha cantidade para facer fronte a este concepto. Ditas cuotas inclúense nas tarifas do anexo e foron aprobadas por Portos de Galicia, sen que a non utilización dun servizo nin o emprego das instalacións exima ó cumprimento desta obriga.

Art. 63.- CESIÓN DE CRÉDITOS E SUBCONTRATACIÓN

A Concesionaria poderá libremente ceder a calquera terceiro todos-los dereitos del cobro das cantidades que os usuarios teñan de pagar a Concesionaria de acordo con el presente regulamento e no seu caso, os contratos que os unan.

A Concesionaria poderá libremente contratar o subcontratar con un terceiro a realización e xestión das actuacións e tarefas que considere conveniente, sin que ello suponga a perda de su condición de concesionaria, ni la cesión de sus derechos concesionales. No caso de que o contrato a celebrar implique a introdución ou participación dun terceiro na explotación da concesión, deberá ser previamente autorizado por Portos de Galicia. A devandita autorización en ningún caso implicará cesión ou subarrendamento total da concesión

REGULACIÓN E REVISIÓN DAS TARIFAS.

Art. 64.- TARIFAS E PREZOS

Os usuarios do Porto en xeral, estarán suxeitos ó aboamento dos prezos e tarifas que se inclúen, debidamente desglosados e especificados, no Anexo I do presente Regulamento. Igualmente inclúese nese anexo o prezo dos servizos complementarios ofertados pola concesionaria.

Art. 65.- REGULACIÓN DAS TARIFAS

a).- Sen prexuízo das normas e condicións que polo presente regulamento son de aplicación á prestación e uso dos servizos do porto, a Concesionaria, de acordo cos termos da concesión, regulará e establecerá as tarifas ó seu xuízo necesarias para obter unha óptima e adecuada explotación do porto e a prestación dos servizos que se establezan no mesmo, sempre ca autorización expresa de Portos de Galicia.

b).- A Concesionaria está autorizada para ampliar, modificar, revisar as tarifas, a súa estrutura e as súas condicións e normas de aplicación, así como para establecer unhas novas cando o considere conveniente, co obxecto de optimizar a explotación e prestación dos servizos, obxecto del porto, sempre que Portos de Galicia así o autorice.

Art. 66.- ABOAMENTO DE TARIFAS. PROCEDIMENTO DE RECADACIÓN

a).- Os titulares dos dereitos, ós que lles é de aplicación a tarifa dos gastos de funcionamento, satisfarán las mesmas por adiantado, calculándoa no xeito e periodicidade que se estableza nos correspondentes contratos ou estableza a Dirección General.

b).- Os usuarios dos amarres ou postos de atraque de tránsito, aboarán a tarifa relativa á escala por adiantado, calculándoa en base ó período de tempo previsto para o seu uso.

c).- As tarifas de servizos aboaranse igualmente por adiantado polo usuario que as solicite.

Art. 67.- OUTRAS NORMAS DE APLICACIÓN

a).- *Petición de servicios*. A prestación de calquera dos servicios deberá solicitarse á Dirección General do porto e esta solicitude suporá a conformidade expresa do usuario á aplicación da tarifa correspondente.

b).- *Definición da xornada ordinaria*. A efectos da prestación dos servicios entenderase como xornada ordinaria a de 10H a 14H Y de 16H a 19H ou o que se estableza oportunamente.

Para o cómputo de días, considerarase que estes empezan ás 0 h. e rematan ás 24

h. Toda fracción aboarase como día enteiro.

c).- *Definición de tempada*. A efectos de aplicación das tarifas, a Dirección General do porto fixará os períodos do ano correspondentes á tempada alta, baixa ou media, si houbera lugar, expoñéndoo na Capitanía do porto.

e).- *Servicios especiais*. Para a prestación de calquera servicio especial non contemplado neste documento, a Dirección General do porto poderá propor un presuposto do custo posible, presuposto que deberá ser aceptado antes de iniciar a prestación do servicio.

f).- Aparte do procedemento referido, a Dirección General do porto poderá, nos casos que o considere, solicitar do usuario, a título de garantía, a prestación de fianza en metálico en contía proporcional ó importe dos servicios dos mesmos.

Art. 68.- REVISIÓN DAS TARIFAS

As tarifas contempladas no presente regulamento revisaranse de acordo co índice acumulado de prezos ó consumo, IPC, publicado polo Instituto Nacional de Estatística relativo ó período de revisión, que se establece de modo anual.

Art. 69.- DEMORA NO PAGO. IMPAGADOS.

Quenes se demoren máis de 30 días no pago de los recibos ou facturas que se lles libren por prestacións de servicios e outros conceptos, ou devolvan impagados os recibos o efecto girados polo banco, incurrirán, de forma automática, nun recargo do 10% sobre el débito total, facultándose a Dirección Xeral, para que ordene la suspensión de los servicios en tanto o deudor no regularice a sua situación.

A Dirección Xeral notificará os deudores mediante lista, que publicará no taboleiro de anuncios das oficinas de Administración do Porto Deportivo, dos débitos que foron postos o cobro e non pagados, e mediante carta certificada con acuse de recibo, servido esta última como notificación suficiente e requerimento para que os morosos salden as sus deudas dentro dos trinta días seguintes.

Transcurrido este segundo prazo sen que o débito fose liquidado a Concesionaria, entenderáse que os usuarios se negan formalmente a cumprir coa sua obriga.

CAPÍTULO XXI ALCANCE DO REGULAMENTO

Art. 70.- ALCANCE DO REGULAMENTO

O presente Regulamento, e cantas normas se deriven del, entendese sen perxucio do establecido en toda a lexislación vixente en materia portuaria e nos respectivos títulos administrativos.

ANEXO I TARIFAS E PREZOS